

I.E.S. San Tomé de Freixeiro. Departamento de francés
CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DA ACTITUDE

En relación cos contidos actitudinais programados que centran o seu interese na disposición do alumno/a cara á aprendizaxe da lingua e a súa participación neste proceso, valorarase principalmente:

- ❑ Actitude receptiva ante á "nova" lingua estranxeira (especialmente alumnado de 2º lingua no 1º ciclo).
- ❑ Interese e curiosidade por coñecer a lingua e os aspectos máis relevantes da vida en Francia.
- ❑ Respetto polos elementos socioculturais diferentes.
- ❑ **Progreso na frecuencia de uso da lingua estranxeira para solucionar problemas na aula, esforzándose por aproximarse a unha pronuncia e entoación correctas para facerse entender.**
- ❑ **Interese por progresar no coñecemento da lingua intentando corrírse e mellorar**, asumindo o erro como elemento indisociable da propia aprendizaxe.
- ❑ O traballo persoal, o esforzo realizado, mostrando **boa disposición cara á realización de tarefas fóra da sesión da materia**, así coma cara as posibles actividades de reforzo educativo, cando fose o caso.
- ❑ **Interese pola organización e a presentación das tarefas (limpeza, ortografía, marxes etc.)**
- ❑ Interese pola lectura de libros sinxelos e adecuados o nivel e contidos traballados na aula, suxeridos polo profesorado do departamento, realizando as actividades deseñadas para cada título.
- ❑ Interese por utilizar tódolos recursos audiovisuais que se lle proporcionen para complementar a súa aprendizaxe, **querer "aprender " pola súa conta.**

En relación coa conduta do alumno/a na clase e na súa relación cos seus compañeiros/as e co profesor/a, terase especialmente en conta se o alumno/a:

- ❑ Ten unha **conduta cívica**, respectando as normas básicas de convivencia.
- ❑ Participa e colabora nas actividades de clase e de grupo, **respectando a quenda de palabra e as intervencións dos compañeiros/as** (en canto ás ideas expresadas e á forma: posibles erros cometidos ó usar a lingua).
- ❑ **Acude co material necesario para o traballo de clase e esmerarse en conservalo en boas condicións.**
- ❑ **Amosa interese e esforzarse en seguir as indicacións suxeridas polo profesor/a, tanto para a realización dunha tarefa, coma para corrír, no seu caso, un comportamento inadecuado** (falta de atención, non gardar silencio cando así foi requirido, distraer ós compañeiros/as, usar de forma incorrecta ou descoidar o estado dos materias da clase e das pertenzas dos seus compañeiros/as, etc.)